

o evento ten o seu eixe na tradución literaria

Comeza en Barcelona o XXVIII Congreso Galeusca de escritores

A coincidir, hoxe, coa celebración do Día da Tradución, arrinca en Barcelona o XXVIII Congreso Galeusca de escritores que se celebrará ata mañá e que ten como lema A tradución literaria. Profesión e creación. No encontro analizarase a pegada deste ámbito nos sistemas literarios vasco, catalán e galego, con cuestións como a pegada da edición dixital no traballo de tradución ou a situación do castelán como lingua de mediación entre as cooficiais. Armando Requeixo, Manuela Palacios, Mercedes Queixas e Cesáreo Sánchez compoñen a delegación da Asociación de Escritores en Lingua Galega no evento.